

APOIAN:



ORGANIZA:



[rosalia.gal](http://rosalia.gal)

Domingo, 14 de xullo



abride a  
fiestra 2024





# abride a fiestra 2024

Festival-xornada  
de portas abertas  
na Casa de Rosalía

Entrada libre  
e aparcadoiro  
de balde  
nos arredores

## ACTIVIDADES:


-  NA HORTA
-  NO AUDITORIO
-  NA CASA



PARA NENAS  
E NENOS

**11.00** Visita guiada polo reformado Xardín de Rosalía da man de **Miguel Lois**


**11.45** **Pilar García Negro** e **Carme F. Pérez Sanjulián** conversan arredor de *Intenso e solidario feminismo*

**12.00**  Actuación de **PAKOLAS**

**12.00** Visita guiada pola Casa da man de **Manuel Lorenzo Baleirón**

**12.30** O poeta poeta **Juan Carlos Mestre** e **Anxo Angueira** conversan sobre *200 gramos de patacas tristes*

**13.00** Concerto **Paco & Lola** de **CAAMAÑO&AMEIXEIRAS**

**13.00**  Visita guiada pola Casa da man de **Rita Bugallo**

**14.00** **Cata de viños** con **Paco & Lola**, da man da enóloga **Nuria de la Torre**

**17.00**  Obradoiro de creación libre:  
**Argallando na Horta de Rosalía**

**17.00** Presentación do nº 8 da *revista Follas Novas*, con **Xosé Luís Axeitos** e **Uxío-Breogán Diéguez**

**17.30** Visita guiada pola Casa da man de **Carme F. Pérez Sanjulián**

**18.00** **Noelia Gómez** e **Rui Grenha** presentan *Xirando* (concerto poético-musical)

**18.30**  Contacontos “Os nosos bosques”  
con **Diego García**

**18.30** Visita guiada pola Casa da man de **Pilar García Negro**

**19.00** Conversa entre a xornalista **Ana G. Liste** e **Diego Ameixeiras**, que presenta *O anarquista*

**20.00** **Celso F. Sanmartín** conta contos

**21.00** Concerto de **XURXO FERNANDES**

XANTAR NA HORTA DE ROSALÍA



### Principais protagonistas:

- **XURXO FERNANDES** presentará na Casa de Rosalía o seu primeiro disco en solitario, ‘Levaino!’. Creador e artista coruñés cunha extensa traxectoria no ámbito da etnografía e das músicas de raíz. Como intérprete é unha das voces máis singulares do panorama actual, capaz de innovar minuciosamente desde a tradición grazas ao seu vasto coñecemento do eido da creación popular colectiva. Paralelamente investiga sobre as músicas sefardís de todo o Mediterráneo e crea un novo personaxe musical: Jako el Muzikante, que rescata o ambiente dos cafés otománs propios dos anos vinte do século XX. Dentro da música galega formou parte de Radio Cos con Quique Peón, con quen publicou dous discos, e dirixe Pandeireteiras Sen Fronteiros, entre outros proxectos.
- **CAAMAÑO&AMEIXEIRAS** son Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz), un dúo galego ligado á música e ao baile de raíz. Desde o seu nacemento, en 2018, este dúo conta cunha intensa traxectoria, tanto a nivel nacional como internacional. Tomando como punto de partida a tradición, o dúo consegue crear unha linguaxe propia e única, con composicións e arranxos persoais e vivos que manteñen a esencia do popular incorporando recursos contemporáneos e situando a emoción en primeiro plano. Logo do éxito colleitado no seu primeiro traballo discográfico, *Aire!* (Segell Microscopi, 2021), o dúo lanza en outubro de 2023 o seu segundo álbum, *Quitar o aire* (Raso Estudio, 2023), con Hevi (Malandrómeda) aos mandos da produción, Caamaño&Ameixeiras resignifican e actualizan os códigos da música de raíz.
- **CELSO F. SANMARTÍN**, contacontos e poeta, Sanmartín é tamén recolledor e reinventor de historias, contos e memorias ligadas á tradición oral galega -e tamén á europea-. Aquí presentará “Concerto Desconcerto”, unha



selección dos seus textos desde sempre con certas partes de “poesía expandida” de verbalización dalgunhas performances e unha parte final de parodia das “frases feitas” da linguaxe común.

- **PAKOLAS** é Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor), que leva dedicándose ao público infantil dende xa fai mais de 20 anos, comezando os seus pasos como membro de Mamá Cabra ata a súa aposta por un proxecto en solitario que publicou varios discos e acadou numerosos premios.
- **JUAN CARLOS MESTRE** presenta na Casa de Rosalía o seu único poemario en galego, ‘200 gramos de patacas tristes’. O escritor e pintor berciano é un dos máis destacados poetas das letras españolas, con múltiples premios acadados, como o Nacional de Poesía.
- **DIEGO AMEIXEIRAS**, que presentará na Casa de Rosalía o seu último libro, ‘Un anarquista’. Escritor, guio e xornalista, Ameixeiras é un dos máis relevantes autores de novela negra, con traducións a varias linguas e varios premios no seu haber, como o Xerais
- **NOELIA GÓMEZ e RUI GREHA**, a poeta galega, de Rianxo e residente na Terra de Iria, presenta un espectáculo músico poético co guitarrista portugués Rui Grenha, “Xirando”, que ten como base a última publicación da autora, ‘O xiro’.
- **DIEGO GARCÍA de MIUDIÑO** realizará un Obradoiro de creación libre: Argallando na Horta de Rosalía, ademais dun contacontos sobre “Os nosos bosques”.